

DOMINGO 1 DO ADVENTO Ciclo C

PRIMEIRA Xer 33, 14-16:

Farei xerminar na casa de David un xermolo de xustiza

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE XEREMÍAS

Velaquí os días -é o Señor quen fala-
nos que cumprirei a promesa
que lles fixen á casa de Israel e á casa de Xudá.

Nos días aqueles e no intre aquel
farei abrollar de David un retoño lexítimo,
que practicará o dereito e a xustiza no país.

Nos días aqueles
salvarase Xudá,
e Xerusalén descansará na seguridade,
e este lugar chamarase: "¡Iavé, nosa xustiza!".

SAL. RESP. Sal 24, 4bc-5ab. 8-9. 10 e 14
R/ (1b): *A Ti, Señor, levantei o meu espírito*

Móstrame, Señor, os teus camiños,
ensíname os teus sendeiros,
diríxeme na túa verdade, apréndeme,
pois ti es, Deus, o meu salvador

O Señor é bo e recto:
por iso ensínalle o camiño aos extraviados,
dirixe aos xustos no xuízo
e móstralles aos humildes o vieiro.

Os camiños do Señor son todos amor e lealdade,
para os que gardan a súa alianza e as súas instrucións.
O segredo do Señor é para os que o temen,
e instrúeos coa súa alianza.

SEGUNDA

1 Tes 3, 12 - 4, 2:

Que o Señor afinque os vosos corazóns cando veña o Cristo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS TESALONICENSES

Irmáns e irmás:

Que o Señor vos faga medrar no amor duns cos outros e con todos, ata rebordar, como nos pasa a nós respecto de vós. Que El afinque os vosos corazóns nunha santidad sen falla diante de Deus, noso Pai, cando veña o noso Señor Xesús con todos os seus santos.

Polo demais, irmáns, pedímosvos con insistencia como cristiáns que, xa que aprendestes de nós como cómpre andar para contentar ao Señor, que sigades así e que progredesdes aínda máis.

Porque ben sabedes que instrucións vos temos dado de parte do Señor Xesús.

ALELUIA Coma no núm. 1

DOMINGO 1 DO ADVENTO Ciclo C

EVANXEO

Lc 21, 25-28. 34-36:

Acércase xa a vosa salvación

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela dilles Xesús aos seus discípulos:

Habrá sinais no sol, na lúa e nas estrelas; e na terra as nacións tremerán coa angustia ante o bruar do mar e das ondas; os homes morrerán cheos de medo e de desacougo, polo que virá enriba do mundo, pois mesmo os astros abalarán. Entón verán o Fillo do Home vir sobre unha nube con grande poder e gloria.

Pero cando empece a suceder todo isto, poñédevos de pé e erguede ben a cabeza, porque chega o día da vosa liberación.

Tende conta de vós mesmos; non sexa que vos atordoedes na borracheira, na libertinaxe e nas preocupacións da vida, e de súpeto caia sobre vós aquel día; porque caerá como un lazo sobre todos os que habitan a terra. Vós vixiade sempre, e pregade para que poidades escapar de todo o que está por vir, e comparecer así seguros diante do Fillo do Home.